



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS E A ASOCIACIÓN CULTURAL COLECTIVO RPM PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA PARA A DANZA E AS ARTES VIVAS "RESIDENCIAS PARAÍSO" EN 2026

Santiago de Compostela

Por unha banda, José Carlos López Campos, en representación da Axencia Galega das Industrias Culturais, no sucesivo Agadic, con NIF Q-6550009-B, actuando no seu nome e representación en virtude do establecido pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Doutra, Félix Fernández Fernández, na súa calidade de presidente da Asociación Cultural Colectivo RPM (en adiante Asociación), con NIF G70529268, con poderes suficientes para actuar no nome da entidade en virtude do establecido nos seus estatutos e na Resolución do 22.9.2020 de inscrición da Xunta Directiva no Rexistro Central de Asociacións da comunidade autónoma, segundo o acordo da Asamblea xeral extraordinaria do 02.09.2020.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Segundo. A Asociación Cultural Colectivo RPM é, segundo os seus estatutos, unha asociación sen ánimo de lucro que ten como fins fomentar a creación artística contemporánea no eido das artes vivas, favorecer a relación entre os distintos axentes vinculados ás artes vivas en Galicia e normalizar e visibilizar as artes vivas e a creación contemporánea na nosa comunidade. E para desenvolver estes fins a Asociación poderá





organizar e preparar eventos, festivais, congresos, talleres, encontros, actividades pedagóxicas, publicacións, presentacións artísticas, conferencias, asesoramentos, metodoloxías, acompañamentos procedimentais, xestión e coordinación de espazos e demais actividades complementarias relacionadas coa arte.

A Asociación Colectivo RPM é a única asociación cultural enfocada á danza e ás artes vivas de creación contemporánea en Galicia que aglutina unha parte importante da comunidade artística vinculada a este ámbito. Unha entidade cun relevante labor desenvolvido nos últimos nove anos para mellorar o contexto da danza, recoñecido polo sector das artes escénicas galego e nacional.

Terceiro. Entre os proxectos de xestión, mediación e difusión cultural que a Asociación vén realizando de forma continuada destaca o programa Residencias Paraíso, un programa de residencias artísticas para a danza e as artes vivas que cumpre en 2026 a súa décima edición e baixo o cal se desenvolveron numerosos proxectos que gozaron de apoio para dedicarse á investigación e creación en diferentes espazos anfitrións como o Teatro Rosalía Castro, Teatro Colón, Auditorio de Galicia, Auditorio Municipal de Ourense, Pazo da Cultura de Carballo, Pazo da Cultura de Narón, o Vello Cárcere de Lugo, Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Sala Agustín Magán, Igrexa da Madalena, a Normal da Universidade da Coruña, Fundación Luís Seoane, así como a Graner en Barcelona ou o Café de Las Artes en Santander.

Residencias Paraíso pretende fomentar a aparición de novos proxectos de investigación e creación arredor das novas linguaxes contemporáneas, alimentando o campo de acción da comunidade artística do noso territorio. Pero o maior valor de Residencias Paraíso reside na súa rede de alianzas, estendida de norte a sur do territorio galego e conformada por espazos de natureza diversa, dende teatros e centros culturais ata espazos non convencionais. Unha pluralidade de tipoloxías que favorece a acollida das diversas fases dun proxecto artístico, dende a investigación e a escrita ata o traballo dramaturxico, a creación coreográfica ou as residencias de carácter técnico. Esta suma de forzas e de diálogo entre todas as partes, impulsores, coprodutores e espazos cómplices, é o que dota dunha identidade singular a este proxecto.

Cuarto. A Agadic, atendendo aos seus obxectivos de garantir a visibilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, considera esencial o apoio á Asociación para o desenvolvemento do programa Residencias Paraíso co propósito de normalizar no noso territorio o concepto de residencia artística, práctica habitual no contexto europeo; de apostar pola investigación e mais a creación, respectando o espazo e o tempo dedicados á investigación artística dos creadores e as creadoras, verdadeiro xerme das obras artísticas; de favorecer a creación de públicos para o sector da danza e as artes vivas a través das programacións expandidas, ao incidir este programa no establecemento de vínculos entre artistas e as comunidades de acollida.





Todo este esforzo no fomento dun sector como o da danza e as artes vivas que realiza a Asociación Cultural RPM coincide coa liña de difusión e promoción deste ámbito que a Agadic leva a cabo, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas de cara ao seu afianzamento.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento do programa da Asociación Cultural Colectivo RPM para a danza e as artes vivas "Residencias Paraíso" en 2026.

SEGUNDA. IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA PÚBLICA

Tendo en conta o carácter específico da actuación, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión dunha subvención, por ser esta entidade a única que organiza e desenvolve este programa conxunto de residencias artísticas implicando a numerosas entidades culturais e espazos de distinta natureza, dende teatros ou centros culturais ata espazos non convencionais, repartidos por todo o territorio autonómico.

O carácter da Asociación como entidade galega representativa do ámbito das artes vivas de creación contemporánea; o seu carácter integrador ao sumar un alto número de artistas, con máis de corenta asociados que se foron sumando nos últimos anos, pero integrador tamén ao acubillar dentro do seu proxecto a teatros, centros de arte e culturais e outros espazos cos que dar soporte a distintos proxectos de danza e artes vivas impulsados por artistas de dentro e de fóra de Galicia; o traballo que a entidade desenvolve para que o concepto de "residencia artística" no que se basea este programa se normalice en Galicia, así como o logro de ter convertido o programa Residencias Paraíso nun lugar xa de referencia no ecosistema cultural galego moi vinculado á vangarda e á innovación no campo das relacións entre persoas, comunidades e institucións; e a inclusión desta actividade de fomento dentro da planificación estratéxica da Axencia Galega das Industrias Culturais, xustifican a concesión desta subvención mediante a formalización deste convenio de colaboración.

O proxecto cumpre, por tanto, cos requisitos previstos nos artigos 2 e 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo con este último precepto, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións





que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

A normativa reguladora de subvencións permite subscribir convenios de colaboración como canle de concesións de subvencións de forma directa, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública, como é o caso.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS DO PROGAMA

O programa contempla o desenvolvemento da décima edición de Residencias Paraíso, un programa de impulso da danza e a creación contemporánea en Galicia dirixido a artistas de danza e artes vivas de Galicia, do resto do territorio estatal e de Portugal, que precisen dun período de traballo intensivo arredor dun proxecto de investigación ou creación, cunha duración de dúas ou tres semanas nun dos espazos que forman parte da rede: O Vello Cárcere de Lugo, Igrexa da Madalena (Ribadavia), Pazo de Cultura de Carballo, Convento de Santa Clara de Pontevedra, Casa de Cultura de Vimianzo, A Fábrica (Oleiros), Pazo de Cultura de Narón, Artisteia (Ponteareas), Espazo RPM (A Coruña), Illa de San Simón, Salón Teatro e Cidade da Cultura.

Unha comisión de valoración formada por profesionais do sector valorará a integridade e a innovación artística das propostas, o grao de madurez e solidez dos proxectos, a relación entre os proxectos e os territorios así como as prácticas de programación expandida que poidan arroupar a estancia durante a residencia.

As residencias realizaranse entre os meses de maio a outubro, cunha duración de entre dúas e tres semanas, en función das características de cada proxecto seleccionado. E complétase o programa co Encontro Paraíso, unha cita anual que supón a única coincidencia do grupo de artistas residentes ao longo do proceso. A Illa de San Simón será o marco do Encontro Paraíso en 2026 durante os días 18, 19 e 20 de setembro, tres xornadas que propician un tempo compartido que permite aprofundar nas dinámicas colectivas, compartir as claves de cada experiencia e abrir un espazo de reflexión colectiva sobre cuestións transversais da comunidade artística.

CUARTA. ORZAMENTO DO PROGRAMA E FINANCIAMENTO

A Agadic realizará unha achega por importe de 30.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 13.A1 432B 781.0 que ten atribuídos segundo os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de





xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O orzamento total das actividades obxecto de subvención é de 58.270,25 euros (67.703,56 con IVE). A xustificación de gastos por importe inferior ao orzamento total da actividade implicará a minoración proporcional do importe da subvención.

QUINTA. PAGAMENTOS ANTICIPADOS

Poderase realizar un pagamento anticipado por importe de ata o 80 %, que implica a entrega de fondos con carácter previo á xustificación dos gastos, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, logo da autorización do Consello da Xunta, de conformidade co disposto no artigo 63.3 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 63.2 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en aplicación da excepción prevista no artigo 67.4 da mesma norma.

No caso de que a entidade solicite pagamentos anticipados, deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

SEXTA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir, ademais dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os requisitos recollidos no artigo 11 da mesma lei, que a continuación se relacionan:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control





competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores; e conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control e de conformidade co procedemento recollido nos artigos 23 e concordantes da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

c) Comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma. O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola Agadic agás oposición expresa da entidade solicitante. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Levar unha contabilidade separada ou o establecemento dun código específico en relación cos gastos e ingresos vinculados coa subvención.

g) Dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención. Incluirase na documentación e soportes específicos das actividades que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia. Para estes efectos, os materiais ou soportes de difusión deberán incluír o logotipo da Xunta de Galicia e Xacobeo 2027, agás naqueles materiais que, de forma excepcional, polo seu tamaño ou por necesidades específicas de deseño ou por outras causas debidamente xustificadas, non sexa factible a súa inclusión.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A entidade debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.

OITAVA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período establecido entre o 1 de xaneiro do 2026 e a data límite de xustificación.





GASTOS SUBVENCIONABLES	importe sen IVE	Importe con IVE
1. Dotación artistas	22.727,27	25.000,00
<i>Servizos:</i>	22.727,27	25.000,00
1.1. Dotación total para acoller ata 10 proxectos de residencia		
2. Comisión de valoración	600,00	726,00
<i>Servizos:</i>	600,00	726,00
2.1. Gastos relativos ao proceso de selección dos proxectos		
3. Dirección, coordinación e administración	16.500,00	19.965,00
<i>Servizos:</i>		
3.1. Dirección	8.000,00	9.680,00
3.2. Co-coordinador	4.000,00	4.840,00
3.3. Co-coordinadora	2.000,00	2.420,00
3.4. Contabilidade e administración	2.500,00	3.025,00
4. Producción	9.427,98	11.344,86
<i>Servizos:</i>		
4.1. Servizo de limpeza Encontro Illa San Simón	750,00	907,50
4.2. Producción Illa San Simón	1.600,00	1.936,00
<i>Subministracións:</i>		
4.3. Material técnico	800,00	968,00
<i>Outros:</i>		
4.4. Desprazamentos, mantenzas e aloxamentos	5.977,98	7.233,36
4.5. Seguros	300,00	300,00
5. Comunicación	7.870,00	9.522,70
<i>Servizos:</i>		
5.1. Documentación Vídeo Residencias Paraíso	4.750,00	5.747,50
5.2. Prensa Paraíso 2026/ The Office	600,00	726,00
5.3. Deseño gráfico	1.800,00	2.178,0
5.4. Fotografía Encontro Illa San Simón	600,00	726,000
<i>Subministracións:</i>		
5.4. Web e outras estruturas comunicación	120,00	145,20
6. Gastos xerais e financeiros	1.145,00	1.145,00
<i>Outros:</i>		
6.1. Alugueiro Espazo RPM, nunha porcentaxe do 70 % de dúas mensualidades	945,00	945,00
6.2. Gastos financeiros	200,00	200,00
TOTAL	58.270,25	67.703,56

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.

3. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o **30 de outubro de 2026**. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, entenderanse xustificadas co feito da súa retención, sen prexuízo de que unha vez ingresados os importes, a entidade deba xustificalo coa entrega dos xustificantes correspondentes, que debe facerse con data límite do 15 de febreiro de 2027.





4. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria declare que se atopa exenta ou suxeita á modalidade de rateo na declaración do IVE.

5. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais, así como os derivados da garantía bancaria que no seu caso se constitúa para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a súa adecuada preparación ou execución.

6. A subcontratación das actividades estará limitada polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o 43 do seu Regulamento. No caso de subcontratación con persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, estarase ao indicado no artigo 27.7º d) da Lei de subvencións e no 43.2 do seu Regulamento, que establece que en ningún caso se poderá subcontratar con persoas ou entidades vinculadas coa persoa beneficiaria salvo que a contratación se realice de acordo coas condicións normais do mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente.

No caso de contratación con persoas vinculadas coa persoa beneficiaria, aterase ao indicado no parágrafo anterior para o caso de subcontratación, debendo obterse, así mesmo, a autorización previa da Agadic.

7. Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas de gasto establecidas no orzamento de gastos subvencionables sempre que obedezan a razóns xustificadas e que as actuacións realizadas garden relación directa co obxecto do convenio.

NOVENA. XUSTIFICACIÓN E CONDICIÓNIS DE PAGAMENTO

A entidade deberá xustificar o custo total da actividade.

1. O pagamento da achega comprometida pola Agadic realizarase da seguinte forma:

a) Ata o 80 % do importe subvencionado poderase aboar en concepto de pagamento anticipado unha vez formalizado o convenio, e logo de que a entidade beneficiaria presente a seguinte documentación:

1. As certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. Solicitud de anticipo acompañada dunha memoria xustificativa e económica na que se detallen as actuacións que se prevé realizar e o custo das actividades.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.





b) A cantidade restante, logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas e tamén daqueles materiais producidos coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia.

2. Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades convenidas, na que se detallarán as desviacións producidas respecto do orzamento inicialmente presentado e as causas que as motivaron.

No relativo aos gastos de aloxamento, restauración e mantenza, esta memoria deberá conter unha xustificación individualizada, e correlacionada coa correspondente relación clasificada de gastos presentada, de cada un dos gastos incluídos nesta categoría indicando a súa necesidade, as persoas, grupo ou colectivo que os xeraron e a súa vinculación co proxecto subvencionado.

Así mesmo, a memoria deberá recoller todas aquelas circunstancias, incidencias ou particularidades que resulten necesarias para unha adecuada comprensión da relación clasificada de gastos e da documentación xustificativa achegada.

3. Relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe. Esta relación debe presentarse clasificada segundo as partidas e subpartidas reflectidas no cadro de gastos subvencionables deste convenio.

4. Copia das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e documentación acreditativa do pagamento. Os documentos de gasto e de pagamento deben presentarse clasificados e ordenados segundo a relación clasificada de gastos presentada. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias, polo que todas as facturas ou documentos de gasto se deberán presentar xunto co correspondente documento bancario xustificativo no que veña claramente identificado o destinatario do pagamento.

Admítese a xustificación do gasto mediante factura simplificada nos supostos autorizados pola normativa vixente, que en ningún caso se pode aboar en metálico e na que deben figurar: número e, no seu caso, serie, data de expedición, datos fiscais do emisor, identificación do produto ou servizo prestado, importe total e o tipo de IVE aplicado.

Para gastos derivados de colaboracións esporádicas prestadas por profesionais tales como conferencias, cursos, charlas ou similares, poderase admitir o recibo correspondente no que deberán constar nome e e NIF da persoa que realiza a actividade, datos da entidade beneficiaria, concepto, lugar e data de realización, importe, retención correspondente e sinatura da persoa. Debe acompañarse, como o resto dos gastos, das xustificacións bancarias dos pagamentos.

5. No caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá xuntarse, ademais, acreditación da súa titularidade. A tarxeta debe estar asociada á conta da entidade





beneficiaria. Non se admitirán pagamentos mediante tarxetas non asociadas á conta da entidade.

6. Para os gastos de desprazamento, admitirase como documento de gasto unha axuda de custo en que quede perfectamente identificado quen realiza o pagamento (a entidade) e a persoa destinataria. Neste documento deberase especificar o motivo do desprazamento, as datas das viaxes, orixe e destino, quilómetros totais no seu caso, e gastos asociados á viaxe (peaxe, aparcamento e combustible). En caso de vehículo particular, a cantidade que se admitirá por cada quilómetro será de 0,26 euros. Deben acompañarse, como o resto dos gastos, das certificacións bancarias dos pagamentos.

7. En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC] e documento acreditativo do ingreso.

8. En relación ás nóminas e facturas con retención de IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso.

9. Declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha outra axuda para a actividade subvencionada. De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2008, do 13 de xuño, o importe da subvención ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

10. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar a entidade beneficiaria. A este respecto, para aqueles casos en que a contía supere os límites legalmente establecidos para o contrato menor, a entidade deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

11. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).





- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a citada documentación.

12. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiaria das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.

13. Certificación de encontrarse acollida ao réxime de exención (ou rateo) do IVE no seu caso.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Galega das Industrias Culturais comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento á entidade.

A Axencia Galega das Industrias Culturais reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

2. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o 30 de outubro de 2026.

DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIAS

1. A selección do persoal específico que a entidade dedicará á execución do programa corresponderalle a esta.

2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. PUBLICIDADE DO CONVENIO





1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
2. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).
3. As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.
2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:
 - A persoa titular da Presidencia da entidade beneficiaria ou persoa que legalmente a represente, ou unha persoa da entidade que o substitúa.
 - A persoa titular da Dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.
3. Actuará como secretario ou secretaria, con voz pero sen voto, un funcionario ou funcionaria da Agadic.

DÉCIMO TERCEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Axencia Galega das Industrias Culturais
Finalidades do tratamento	Xestión e tramitación das axudas, bolsas e subvencións, convenios nominativos e premios que teñen a tramitación de subvencións.





Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
Destinatarios dos datos	Consellería de Facenda e Administración Pública. Base de Datos Nacional de Subvencións.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, ou retirar no seu caso o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

DÉCIMO CUARTA. PERDA DO DEREITO Á SUBVENCIÓN, REINTEGRO E SANCIÓN

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento do importe do convenio no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas no clausulado deste convenio, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente o anticipo percibido, así como os xuros de demora correspondentes.
2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida no seguintes casos:
 - a) Non xustificar ante a Agadic o cumprimento do obxecto do convenio e a execución do proxecto.
 - b) Non comunicarlle á Agadic a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.
 - c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Agadic, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, nin achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
 - d) Non acreditar que está ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.
4. Procederá a perda parcial do cobramento da subvención o incumprimento parcial, entendendo por este sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión da axuda. A Agadic poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá





resolver o seu alcance (e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro) cos seguintes criterios:

- No caso de condicións referentes á contía subvencionable, o alcance do cumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción e os seus xuros de demora.
- No caso de incumprimento da obriga de dar publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención, coa inclusión do logotipo da Xunta de Galicia e mais o do Xacobeo 2027 na documentación e soportes de difusión das actividades (agás naqueles materiais en que, de forma excepcional, polo seu tamaño ou por necesidades específicas de deseño, ou por outras causas debidamente xustificadas, non sexa factible a súa inclusión), reducirase un 2 % o importe da subvención, e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas nesa proporción.

5. Para facer efectiva a devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da lei 9/2007, do 14 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

a) Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.

b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.

c) Os supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4. Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade e financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO SEXTA. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN





Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-2017) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia. Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso administrativa será competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio. Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

DÉCIMO SÉTIMA. ADMINISTRACIÓN DIXITAL

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2026. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2026.

DÉCIMO NOVENA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse





electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

VIXÉSIMA. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS E HABILITACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

De conformidade coa disposición adicional primeira do Acordo do 24 de xullo de 2012 do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, relativa á delegación de competencias na persoa titular da Dirección do organismo en materia de de axudas e subvencións públicas, delégase no director da Agadic a facultade para adoptar cantos actos e resolucións sexan necesarios para o desenvolvemento, xestión e execución do presente convenio de subvención, tales como as modificacións, aceptacións de renuncias, acordos de inicio e resolucións de procedementos de reintegro e perdas de dereito total ou parcial ao cobramento da subvención.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as cláusulas.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

**POLA AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS**

José Carlos López Campos
Presidente do Consello Reitor da Agadic

**POLA ASOCIACIÓN CULTURAL
COLECTIVO RPM**

Félix Fernández Fernández
Presidente

